

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de xuño de 2006**

ORDE DO DÍA dos asuntos a tratar na sesión plenaria ordinaria que se celebrará o vindeiro xoves, día 29 de xuño de 2006, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

***Declaración institucional**

Central-Actas

- [1.- Toma de posesión do deputado do PP, don José Blanco Pazos.](#)
- [2.- Aprobación da acta anterior, nº 6/06, do 25 de maio.](#)
- [3.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8.279 á nº 11.415.](#)

Economía, Facenda e Especial de Contas

- [4.- Plan de auditorías dos proxectos de gasto aprobados e xestionados pola Deputación provincial, nas anualidades 2002 a 2006 \(ambas inclusive\) no Programa operativo local.](#)

Cooperación e Asistencia a Concellos

- [5.- Aprobación da 2ª fase da anualidade 2006 do Programa operativo local 2000-2006.](#)
- [6.- Aprobación da modificación da solicitude e adhesión ao “Convenio de colaboración suscrito o 12 de xullo de 2004, para o período 2004-2006 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través do IMSERSO e a Fundación Once para desenvolver un programa de accesibilidade universal” e aprobación da 1ª fase do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006.](#)

- [7.- Aprobación do proxecto reformado da obra “EDAR e colectores xerais no Pino sector I” do Concello do Pino, incluída no POL 2004. Código 04.2300.0134.0.](#)

- [8.- Aprobación do proxecto reformado da obra “EDAR e rede de saneamento en Agrón” do Concello de Ames incluída no POS 2005. Código 05.2100.0006.0.](#)

- [9.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Parque do Eume treito B-1 área 4” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no POL 2005. Código 05.2300.0167.0.](#)

- [10.- Informe sobre a modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes.](#)

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- [11.- Aprobación definitiva do expediente de desafectación de parte do edificio “A Milagrosa” para ampliar o Centro Xerontolóxico e ceder o uso á Unión Democrática de Pensionistas e Xubilados da Coruña.](#)

- [12.- Aprobación da resolución por mutuo acordo do Convenio de prestación de servizos da Compañía Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl no centro Emilio Romay.](#)

- [13.- Proposta para o exercicio das actividades socioculturais no Teatro Colón e na provincia.](#)

- a. [Iniciativa para o exercicio da actividade en réxime de libre concorrencia.](#)
- b. [Ratificación da Comisión de Estudo.](#)
- c. [Toma en consideración da memoria elaborada pola Comisión Técnica.](#)
- d. [Declaración de interese público provincial do servizo público que se rexerá polo regulamento.](#)
- e. [Proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do servizo público.](#)

[14.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar mediante concurso con procedemento aberto a xestión do Teatro Colón e a realización de accións socioculturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión.](#)

[15.- Regulamento do servizo. Normas de funcionamento do Teatro Colón: Aprobación inicial.](#)

[16.- Aprobación inicial do expediente de cesión de 21.024 m2 dos terreos de titularidade da Deputación sitos na marxe dereita da estrada AC 173 \(que discorre de Perillo a Mera ao seu paso por Bastiagueiro, municipio de Oleiros\) a favor do Concello de Oleiros coa finalidade de destinalos a auditorio municipal.](#)

[17.- Aprobación do proxecto técnico e modificación do financiamento da obra “Piscina climatizada cuberta en Porto do Son, pl.” do Concello de Porto do Son, incluída na primeira fase do Plan de piscinas cubertas climatizadas para concellos da provincia cunha poboación superior aos 10.000 habitantes.](#)

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

[18.- Aprobación provisional do proxecto modificado da E.P. 0807 Tatín a San Isidro por Moruxo, 1ª fase incluído no Plan de travesías 2005, 6ª fase.](#)

[19.- Aprobación inicial do Plan de travesías 2006, 1ª fase.](#)

[20.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas na mellora da seguridade viaria na E.P. 0205 de Bertamiráns á Ramallosa, proxecto de glorieta na intersección da Bola.](#)

[21.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas no modificado nº 1 do ensanche e mellora do trazado, seguridade viaria e afirmado da E.P. 3002 da Moura a Bens.](#)

[22.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2006, 3ª fase.](#)

Promoción Económica, Emprego e Turismo

[23.- Aprobación das actuacións da cuarta anualidade \(2006/2007\) do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.](#)

[24.- Proposta de tramitación do proxecto Interreg III A Galicia-Norte de Portugal “Parque”.](#)

Deporte, Xuventude e Medio Ambiente

[25.- Aprobación de Convenio de axudas aos concellos para mantemento dos Grupos Municipais de Intervención Rápida.](#)

[26.- Aprobación de Campaña de prevención de incendios forestais 2006.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE XUÑO DE 2006

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 29 de xuño de 2006, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA BNG

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON JOSE BLANCO PAZOS	PP
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsase a Sra. Cea Vázquez.

Non asiste o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PP, DON JOSÉ BLANCO PAZOS.

Sr. Presidente

Imos comezar a sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial. Antes de nada, rógolles aos Servizos de Protocolo que avisen o Sr. D. José Blanco Pazos para tomar posesión do seu escano de deputado.

Sr. Secretario

Recibiuse na Secretaría Xeral desta deputación unha credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central, na que se acredita que foi designado deputado provincial D. José Blanco Pazos, en substitución por renuncia de D. Dositeo Rodríguez Rodríguez, por estar incluído na listaxe de candidatos presentada polo Partido Popular nas eleccións locais do 25 de maio de 2003. Por outro lado, D. José Blanco Pazos cumpriu coa obriga disposta no artigo 75.7 da Lei reguladora das bases de réxime local relativa á declaración de causas de posíbel incompatibilidade de actividades, así como declaración dos bens patrimoniais.

O Sr. Blanco Pazos entra no salón de sesións, e toma posesión do seu cargo, xura o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

Sr. Presidente

Antes de nada, hai unha declaración institucional, asinada polos tres grupos políticos, que eu lle rogaría ao secretario que a lese e que dese conta dela.

Sr. Secretario

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS OBXECTIVOS DO MILENIO

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade comezou no mes de xuño a campaña Voces de Aquí e de Alá Revirando o Milenio, campaña que xirou ao redor dos obxectivos de desenvolvemento do milenio. Son oito obxectivos que atenden as principais problemáticas sociais na escena internacional.

O día 2 de xuño, ao remate da Asemblea Xeral de Socios, tivo lugar a presentación do Manifesto polo necesario cumprimento dos obxectivos do milenio, nacido da man de D. Isaac Díaz Pardo, arrancando así o inicio da campaña. O manifesto, ao cal poden adherirse tanto persoas coma institucións, reproducése a continuación:

MANIFESTO

Reducir á metade a proporción de poboación que vive en situación de extrema pobreza de aquí a 2015, asegurar a educación primaria universal, deter a propagación da SIDA e outras enfermidades... non hai un entre os oito Obxectivos do Milenio que poida dicirse que non constituía unha prioridade para a humanidade. Por iso, non se trata xa de clamar a xustiza duns obxectivos que todo o mundo aplaude, pero si de denunciar, alto e claro, que no primeiro lustro deste empeño, a realización dos Obxectivos do Milenio camiña a paso frouxo e oscilante, e se as cousas seguen así, en 2015, a maioría dos Estados comprometidos con este nobre propósito, darannos, unha vez máis, outra decepción.

Precisamente un gran esforzo para dotar a individuos, a familias e a economías enteiras das infraestruturas de servizos de saúde e de ensino máis elementais. Non se poden satisfacer estes dereitos universais e loitar contra a fame sen combinar formación e capacitación coa mellora do acceso aos recursos produtivos, sen a mellora das rutas e dos servizos de transporte, sen xestionar adecuadamente e de xeito sostíbel os recursos hidráulicos e naturais, etc.

Os Obxectivos do Milenio son iso, un ambicioso conxunto de intervencións e de programas que demanda considerábeis esforzos de numerosos sectores e en múltiples campos. Trátase de obxectivos alcanzábeis cos niveis de desenvolvemento e riqueza que logrou a humanidade e compatíbeis coa esixencia da adopción de estratexias claras

de desenvolvemento por parte dos beneficiarios que permitan un investimento ben orientado, de forma que máis axuda signifique tamén máis eficacia. Para os países ricos, as sumas da axuda (0,54% do PIB en 2015) son irrisorias; pola contra, o seu efecto no conxunto de países pobres pode ser amplamente enriquecedor.

As sociedades civís do norte e do sur teñen un importante papel que cumprir. Nun caso, para reclamar dos poderes públicos o cumprimento, en tempo e forma, dos compromisos contraídos, e mesmo involucrándose directamente no acompañamento dos procesos de desenvolvemento; noutro, fiscalizando a súa evolución para que os recursos sexan utilizados de maneira que permita a transformación anhelada e asegurando o recúo dese escepticismo que moitos albergan respecto da posibilidade de eliminar a miseria, mellorar a situación da muller ou ampliar as posibilidades educativas desa ampla franxa da humanidade que vive pendurada do planeta. Se nos poñemos, é posible.

Polo exposto, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña apoia e reivindica o cumprimento destes obxectivos que deberán alcanzarse non soamente polas sociedades do sur, senón tamén polas nosas mesmas.

2.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 6/06, DO 25 DE MAIO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 6/06, do 25 de maio.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 8.279 Á Nº 11.415.

A Corporación toma coñecemetno das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8.279 á nº 11.415.

4.- PLAN DE AUDITORÍAS DOS PROXECTOS DE GASTO APROBADOS E XESTIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, NAS ANUALIDADES 2002 A 2006 (AMBAS INCLUSIVE) NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL.

INTERVENCIONES

Sr. López Crespo

Primeiro queremos saudar e recibir e felicitar ao Sr. Alcalde de Negreira, ademais nun momento da súa vida política onde el xa confesou publicamente que chegara ao xubileu da vida política para se dedicar a descansar e á familia, cousa que

nos alegamos moito, pero que o tempo que queda na deputación ímolo pasar moi ben contigo, e sobre todo a Corporación vaise favorecer da túa experiencia na política local.

Feito este saúdo, no punto 4 case non valía a pena falar, pero eu comezo hoxe de voceiro de Economía, e cando menos quero previr os Sres. da Corporación que isto non vai ser o mesmo que antes, é dicir, eu nos oito anos que levo recordo aquí os debates entre o Sr. Moreda e o Sr. Erias, debates dunha profundidade enorme, é dicir, economía, econometría, as teorías económicas de cada un dos grupos púñanas patentes e todos saíamos de aquí aprendendo un pouco máis de economía, e iso evidentemente non vai ser. Despois pasamos aos debates do Sr. Rodríguez e o Sr. Lagares, onde o Sr. Rodríguez, desde unha doutrina pura e un estilo clásico facía didáctica, ensinábanos e ás veces ensinaba tamén ao grupo de Goberno reorientando a súa acción. E, por outro lado, estaba o Sr. Lagares enfrontándose nunha dialéctica ao Sr. Dositeo Rodríguez desde un profundo coñecemento da vida económica dos concellos, desde unha longa experiencia e desde un obxectivo que é facelo ben polos concellos. Eses debates, evidentemente, a partir de agora, Sr. Lagares, Sres. deputados, non se van producir. Eu, moita menos formación en economía, moita menos experiencia, pero si que queriamos, eu quero que desde as miñas intervencións se cumpran dous obxectivos fundamentais, un que afecta a todo o grupo Popular que é desde a oposición colaborar, colaborar en cousas tan importantes como a economía, tratando de que se vexan beneficiados todos os habitantes dos nosos concellos, tratando de que a deputación poida sacar adiante proxectos, e un segundo obxectivo máis individual, pero que os políticos ás veces dicímolo pouco, e debémolo de dicir, eu espero que este enfrontamento dialéctico entre vostede e eu non interrompa o tránsito de afecto que nos últimos 47 anos se vén dando entre vostede e eu, espero que así sexa e comezar este primeiro punto é moi doado porque imos votar que si e estamos de acordo totalmente con estas auditorías. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Grazas pola súa intervención, Sr. López Crespo. En nome do equipo de Goberno darlle a benvida a D. José Blanco Pazos e desexarlle a súa contribución o máis ampla posíbel polo bo desenvolvemento desta institución e por que non, da provincia.

E en relación ao voto sobre o punto número catro, agradecer o voto favorábel do grupo provincial do Partido Popular, dicir que o equipo de Goberno ten unha traxectoria e ten uns criterios e unha filosofía que marcamos nos distintos debates, tanto orzamentarios como de expedientes de modificación de créditos, como teremos ocasión de debater en breve na Conta Xeral do exercicio 2005, e esperemos que estes debates sexan rigorosos e sexan, aínda que non compartamos as cousas, sexan como sempre se fixo nesta Cámara, o máis respectuosos posíbeis.

Agradecemos e felicitamos e desexámoslle o maior éxito posíbel tamén nesta nova andaina ao Sr. López Crespo como voceiro económico. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Lagares, non teño ningunha dúbida en que saberán entenderse porque sempre os de Betanzos, tradicionalmente, se levaron ben cos de Coirós, entón espero que siga esa relación de amizade e de bo entendemento, seguro que se vai dar neste Pleno tamén nos debates económicos que teñamos.

E se me permiten, xa que se falou neste punto, dicir que este é un compromiso que asumimos no debate dos orzamentos deste ano, do presente ano 2006, e hai uns meses aprobamos un Plan de auditorías para subvencións. Ímolas publicar, as subvencións que se dean, para que a xente saiba a quen se subvenciona e por que se subvenciona, e imos auditar o uso que fan as asociacións e institucións sen fins de lucro dese diñeiro. Nese Plan de auditorías non están incluídos os concellos. Entendemos que os concellos teñen os seus propios órganos de control e a deputación o que non pode é suplantar o labor dos propios funcionarios e a responsabilidade dos propios concellos. E neste caso aprobamos un Plan de auditorías do programa operativo local, do POL, coa finalidade de que haxa unha absoluta transparencia e coa finalidade de comprobar que o diñeiro público se utiliza para aquelas cousas que está destinado. Creo que é unha boa medida e no afán de transparencia e lograr publicidade e un bo uso dos fondos públicos creo que este é un paso importante que o conxunto da Cámara dá coa aprobación do punto número catro.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Primeiro: Aprobar o Plan de control financeiro dos proxectos aprobados e xestionados pola Deputación provincial nos exercicios 2002 a 2006 no Programa Operativo Local, co contido e criterios recollidos no informe da Intervención Provincial.

Segundo: Determinar que se tramite un contrato administrativo de asistencia técnica para realizar os labores materiais de auditoría, atribuíndo a dirección técnica dos traballos de verificación ao interventor adxunto D. Juan Bautista Suárez Ramos e á xefa do Servizo de Xestión de Plans Provinciais D^a Susana Rouco Penabad.

Terceiro: Someter á consideración do Pleno o informe final que resulte das actividades desenvolvidas, coas medidas e propostas que resulten máis adecuadas para o interese xeral.

Cuarto: Unha vez tomado en consideración polo Pleno Provincial o informe final do Plan de control financeiro realizado, remitiráselle ao Ministerio de Economía e Facenda e ao Ministerio de Administracións

Públicas. Tamén se xuntará un exemplar á Conta Xeral do Orzamento Provincial para a súa remisión conxunta aos órganos de control externo.

5.- APROBACIÓN DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2006 DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006.

INTERVENCIONS

Sr. López Crespo

Imos votar a favor do punto 5 ao 12 inclusive.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Vistos os escritos remitidos polo Ministerio de Administracións Públicas relativos á elaboración do Programa operativo local obxectivo 1, anualidades 2000-2006, onde se conteñen instrucións sobre a súa elaboración así como o plan financeiro para os sete anos da súa vixencia.

Tendo en conta que ao aprobar a primeira fase da anualidade 2006 do POL 2000-2006, quedou un importe pendente de dispoñer que ascendía a 4.708.666,36 €, en relación co financiamento destinado a esta provincia para cada unha das anualidades deste programa.

Visto o Plan complementario desta deputación, unha vez aprobada polo Pleno da deputación a súa ampliación.

Vistas as obras cuxa documentación administrativa e técnica está correcta e completa.

E tendo en conta o establecido no Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, así como a orde de 31 de xaneiro de 2006 de desenvolvemento e aplicación do citado real decreto.

1.- Aprobar a segunda fase da anualidade 2006 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos do FEDER, deputación e concellos, cuxas cifras globais de financiamento, detalladas por axentes financiadores e medidas de actuación son as seguintes:

	Medida 5.3
FEDER	1.005.624,92
DEPUTACIÓN	359.151,70
DEPUTACIÓN / CONCELLO	71.830,39

TOTAL	1.436.607,01
--------------	---------------------

A deputación financiará as cantidades que lles correspondan aos concellos.

O importe total de 1.436.607,01€, a que ascende a segunda fase da anualidade 2006 do POL, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60101 do orzamento provincial 2006. O resto dos fondos dispoñíbeis e os que se poidan xerar como consecuencia de baixas de licitación ou anulación de obras, aplicaranse a unha nova fase do POL 2006 que se aprobará máis adiante.

2- Aprobar a relación de actuacións que se han incluír na segunda fase da anualidade 2006 do POL que é a que a figura a continuación, agrupada nas medidas nas que se estrutura o programa, e con detalle do seu financiamento entre os distintos axentes cofinanciadores.

Ayuntamiento	DENOMINACIÓN	Código	PRESUPUESTO	FEDER-LOCAL	DIPUTACIÓN	
					DIPUT.F.P.	DIP. AYUNTA
ARÉS	AB.SAN.C/S.ANDRÉS-CONSISTORIO C.M.ESTACAS	06.2300.0220.0	149.878,64	104.915,05	37.469,65	7.493,94
CABANA DE BERGANTIÑOS	AMPL.RED SAN.CANDUAS Y CESULLAS	06.2300.0221.0	95.682,51	66.977,76	23.920,62	4.784,13
CABANA DE BERGANTIÑOS	INFR.SAN.NUCLEO DE NEAÑO	06.2300.0222.0	94.368,25	66.057,78	23.592,05	4.718,42
FISTERRA	COLECTORES XERAIS ANCHOA Y OTROS	06.2300.0223.0	414.052,46	289.836,72	103.513,11	20.702,63
MAÑON	TUBERIA SAN.SEMAFORO BARES A RED GRAL.BARES	06.2300.0224.0	172.030,25	120.421,18	43.007,55	8.601,52
VILARMAIOR	AB.AGUA PARROQUIA TORRES 1-FASE	06.2300.0225.0	89.901,50	62.931,05	22.475,37	4.495,08
ZAS	PASEO FLUVIAL EN BAIO	06.2300.0226.0	420.693,40	294.485,38	105.173,35	21.034,67
2-FASE POL 2006			1.436.607,01	1.005.624,92	359.151,70	71.830,39

Aprobar así mesmo os correspondentes proxectos técnicos.

3.-Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4.-Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente o plan.

6.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE E ADHESIÓN AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO O 12 DE XULLO DE 2004, PARA O PERÍODO 2004-2006 ENTRE O MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS A TRAVÉS DO IMSERSO E A FUNDACIÓN ONCE PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL” E APROBACIÓN DA 1ª FASE DO PLAN ESPECIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Tendo en conta a información recibida telefonicamente da Fundación ONCE en relación coa solicitude presentada por esta deputación de adhesión ao “Convenio de colaboración suscrito o 12 de xullo de 2004, para o período 2004-2006 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos sociais a través do IMSERSO e a Fundación ONCE para a cooperación e integración social con persoas con discapacidade, para desenvolver un Programa de accesibilidade universal.

Tendo en conta que o importe de actuacións subvencionábeis, segundo a información facilitada verbalmente, ascende aproximadamente a 180.000,00 €, cifra inferior á proposta inicialmente aprobada por acordo plenario do 30 de marzo de 2006,

Vistas as Bases reguladoras do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006, aprobadas polo Pleno da deputación o 23 de febreiro de 2006 e cuxo texto se publicou no BOP nº 49 do 1 de marzo de 2006, así como as solicitudes e o resto da documentación presentada polos concellos solicitantes.

1º - Aprobar a modificación da solicitude de adhesión ao “Convenio de colaboración suscrito o 12 de xullo de 2004, para o período 2004-2006 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos sociais a través do IMSERSO e a Fundación ONCE para a cooperación e integración social con persoas con discapacidade, para desenvolver un Programa de accesibilidade universal”, para o financiamento das actuacións solicitadas polos concellos da provincia con poboación superior a 20.000 habitantes, no sentido de excluír 2 das 3 actuacións solicitadas polo Concello de Narón que pasan a integrarse no plan propio da deputación. Desta forma a solicitude de adhesión definitiva queda como segue:

CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
ARTEIXO	RAMPLA E ASCENSOR EDIFICIO SERVIZOS MÚLTIPLES	25.878,64
CAMBRE	RAMPLA MECÁNICA COLEXIO CEIP BREXO	15.142,86
	RAMPLA MECÁNICA COLEXIO CEIP SIGRAS	16.035,71
CULLEREDO	ASCENSOR C. CULTURAL PAZO VILABOA	25.288,00
NARÓN	SALVAESCALEIRAS E ASEOS EDIFICIO XULGADOS	38.439,70
OLEIROS	ASCENSOR, PORTA E ASEOS C. CULTURAL CASA ETCHEVERRY	46.073,47

T O T A L	180.773,25
------------------	-------------------

NÚMERO DE CONCELLOS	5
----------------------------	----------

NÚMERO DE OBRAS	7
------------------------	----------

2º.- Aprobar a 1ª fase do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006 no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, de acordo coa selección efectuada en virtude da aplicación dos criterios establecidos nas bases reguladoras deste plan:

Código	CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
06.3230.0001.0	CARRAL	ASCENSOR CASA DO CONCELLO E C. FORMACIÓN	81.200,00
06.3230.0002.0	LOUSAME	ASCENSOR C. SOCIAL ALDEA GRANDE	35.847,35
06.3230.0003.0	BRIÓN	SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO E CASA CULTURA	22.448,34
06.3230.0004.0	BETANZOS	SALVAESCALEIRAS BIBLIOTECA	15.722,76
06.3230.0005.0	AS PONTES DE G.R.	ASCENSOR CASA DO CONCELLO	57.112,43
06.3230.0006.0	FENE	ASCENSOR E RAMPLA CASA DO CONCELLO E XULGADO	72.077,44
06.3230.0007.0	ORDES	ASCENSOR CASA DO CONCELLO	50.256,92
06.3230.0008.0	TEO	RAMPLA DE ACCESO CASA DO CONCELLO	12.449,75
06.3230.0009.0	NARÓN	SALVAESCALEIRAS E ASEOS PAVILLÓN A GÁNDARA	111.868,57
06.3230.0010.0	NARÓN	SALVAESCALEIRAS E ASEOS NAVE IRMÁNS FROILAZ	38.434,37
06.3230.0011.0	ARES	ASCENSOR CASA DO CONCELLO	68.414,65
06.3230.0012.0	ARZÚA	ASCENSOR CASA DO CONCELLO	47.126,22
06.3230.0013.0	MIÑO	ASCENSOR EN EDIFICIO SERVIZOS MUNICIPAIS RABAZAL	13.340,00
06.3230.0014.0	MUXÍA	ASCENSOR CENTRO DE DÍA	32.061,03
06.3230.0015.0	ORTIGUEIRA	ASCENSOR, ASEO E RAMPLA CENTRO SOCIAL ORTIGUEIRA	83.004,65
06.3230.0016.0	PONTEDEUME	ASCENSOR CASA DO CONCELLO	38.953,96
06.3230.0017.0	VIMIANZO	ASEOS E RAMPLA C.SOCIAL E VIVENDA COMÚN E ASCENSOR EDIF. USOS MÚLTIPLES	88.524,00
06.3230.0018.0	LARACHA A	ASCENSOR EDIF. SERVIZOS MÚLTIPLES	59.798,24
06.3230.0019.0	BOQUEIXÓN	ASEOS ASCENSOR E RAMPLA C.SOCIAIS LEDESMA, SERGUDE E LESTEDO	77.686,56
06.3230.0020.0	DUMBRÍA	ASCENSOR, PLATAFORMA E RAMPLA CENTRO SOCIAL DE BUXANTES, ÉZARO E CENTRO SAÚDE	112.584,54
06.3230.0021.0	SAN SADURNIÑO	ASCENSOR CASA DO CONCELLO	32.459,34
06.3230.0022.0	ABEGONDO	ACCESOS, PORTAS, PORTAL, ASEOS, SALAS E APARCADOIRO C.SOCIAIS PRESEDO, SARANDÓS, MEANGOS, VIZOÑO E XUANZO	66.165,71
06.3230.0023.0	OROSO	SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO	12.200,54
TOTAL FASE			1.229.737,37

Esta 1ª fase finánciase con cargo á partida 0701/313K/76201, integramente con fondos da deputación en atención á importancia social e natureza das obras que se han executar.

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.

6º.- Incluír as restantes solicitudes nunha relación priorizada de acordo cos criterios de selección establecidos nas bases para estudar a posibilidade do seu financiamento por esta deputación, ben a través doutras fontes, ou ben con cargo aos propios recursos provinciais, logo da realización previa das operacións orzamentarias que sexan necesarias.

OBRAS SUPLETORIAS		
CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CORISTANCO	ADAPTACIÓN OFICINAS ATENCIÓN PÚBLICO CASA DO CONCELLO	12.740,43
OUTES	PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO	38.797,52
VALDOVIÑO	RAMPLA E ACCESO EXTERIOR CASA DO CONCELLO	12.425,02
VEDRA	RAMPLA, PLATAFORMA E ASEO CASA DO CONCELLO, BIBLIOTECA, CASA 3º IDADE	36.904,17
CABANA DE BERGANTIÑOS	ASCENSOR EDIFICIO USOS MÚLTIPLES A CARBALLA	27.608,00
NEDA	ASCENSOR EDIFICIO USOS MÚLTIPLES A TOLEIRA	72.309,22
ZAS	ASCENSOR, RAMPLA E PORTA NA BIBLIOTECA DE BAIO	42.906,82
BOIMORTO	ACCESO, RAMPLA, VESTIARIO, CASA DO CONCELLO, POLIDEP CASA CULTURA CENTRO DE DÍA	22.544,29
CAPELA, A	SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO	20.032,04
CESURAS	RAMPLAS LOCAIS SOCIAIS RILO, CARRES, DORDAÑO BARAIO	12.206,98
MAÑÓN	SALVAESCALEIRAS CONCELLO E C. SOCIAL BARQUEIRO	37.666,94
MIÑO	SALVAESCALEIRAS LOCAL SOCIAL BEMANTES	13.456,00
PADERNE	RAMPLAS ESCOLA UNITARIA ÁREAS, LOCAL SOCIAL VIGO E ESCOLA TALLER VIÑAS	15.399,55
PINO,O	ASEO, SALVAESCALEIRAS E RAMPLA CASA DO CONCELLO	34.257,48
PONTEDEUME	PLATAFORMA SERVIZOS SOCIAIS	21.954,16
SANTISO	SALVAESCALEIRAS E RAMPLA CASA DO CONCELLO	18.290,30
SOBRADO	RAMPLA E ASEO CASA DO CONCELLO	24.420,45
TOQUES	PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO	20.491,68
TRAZO	SALVAESCALEIRAS CENTRO SOCIAL VIAÑO PEQUENO	16.400,00
VAL DO DUBRA	RAMPLA E BARBACANA CASA DO CONCELLO, GARDERÍA, AUDITORIO E BIBLIOTECA DE RIAL	16.532,80
VILASANTAR	RAMPLA E ASEO CASA DO CONCELLO	12.372,82
CEE	ASEOS CASA DO CONCELLO E PAVILLÓN POLIDEPORTIVO	17.287,26
CABANA DE BERGANTIÑOS	ELIM BARREIRAS DESPACHO SERVIZOS SOCIAIS	22.845,62
MUGARDOS	ACCESOS, ASCENSOR E ASEOS CEIP UNIÓN MUGARDESA	101.411,28
CERCEDA	RAMPLAS EN BIBLIOTECA E PISCINA	30.860,74
LOUSAME	ACCESO A MOSTEIRO S. XUSTO	42.898,59
BOIMORTO	RAMPLA E ASEOS CENTRO SOCIAL SENDELLE, RODIEIROS E BRATES	19.640,03
MESÍA	RAMPLA E ASEOS CENTRO SOCIAL DE ALBIXOI	28.715,87
CURTIS	ASEOS CASA DO CONCELLO E CENTROS SOCIAIS SANTAIA E A ILLANA	14.144,22
MESIA	ASEOS E ACCESOS CENTROS SOCIAIS OLAS E MESÍA	28.066,56
CORCUBIÓN	RAMPLA CENTRO XUVENIL	33.555,09
MUGARDOS	ASEOS CENTRO CIVICO MUGARDOS	13.816,73
NEGREIRA	SALVAESCALEIRAS E ACCESOS A PISCINA MUNICIPAL	21.943,12
MUGARDOS	ACCESOS, ASCENSOR E ASEOS CEIP SANTIAGO APÓSTOL	82.585,48
AS PONTES DE G.R.	ASEOS, PASAMÁNS, BARANDAS, SALVAESCALEIRAS E PORTAS MERCADO MUNICIPAL	58.817,80
CERDIDO	RAMPLA E APARCADOIRO CASA CULTURA	12.119,97
TOQUES	ASEOS CASA DO CONCELLO E CAMPO FÚTBOL	16.352,68
MUROS	ACCESO ESCOLA MUNICIPAL DE MUROS	99.477,73
CORCUBIÓN	ASCENSOR, PLATAFORMA E ACCESO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO	86.822,95

LAXE	SALVAESCALEIRAS E ASEOS POLIDEPORTIVO	74.158,90
VAL DO DUBRA	RAMPLA ANTIGA CAMARA AGRARIA	14.580,00
VAL DO DUBRA	ASEO NA CASA DE CULTURA	12.584,79
MESÍA	ACCESOS PISCINA MUNICIPAL DE XANCEDA	48.237,86
CORCUBION	RAMPLA OFICINA TURISMO	15.254,60
MELIDE	ASCENSOR E RAMPLA EDIFICIO SEDE ENTIDADE LOCAL	25.959,53
PADRON	ASCENSOR CENTRO SERVIZOS SOCIAIS	36.726,10
SADA	ASCENSOR OFICINA XUVENTUDE E OUTROS SERVIZOS MUNICIPAIS	41.851,51
PADRÓN	ASCENSOR CENTRO SOCIAL DE PADRÓN	40.608,97
CARNOTA	RAMPLAS E ACCESOS EDIFICIOS MUNICIPAIS	117.057,92
PADRÓN	SALVAESCALEIRAS E RAMPLA CASA DO CONCELLO	23.925,36
	OBRAS SUPLETORIAS	1.712.023,96

7.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “EDAR E COLECTORES XERAIS NO PINO SECTOR I” DO CONCELLO DO PINO, INCLUÍDA NO POL 2004. CÓDIGO 04.2300.0134.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Visto o proxecto reformado da obra “EDAR colectores xerais O Pino- Sector 1.” do Concello do Pino incluída no POL 2004 co código: 04.2300.0134.0, que foi presentado polo director das obras e que representa un incremento no seu orzamento de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 649.075,82 € o proxecto reformado da “EDAR colectores xerais O Pino- Sector 1” do Concello do Pino incluída no POL 2004 co código: 04.2300.0134.0, que foi aprobada mediante acordo plenario adoptado o día 27 de febreiro de 2004.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ao incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que representa a cantidade de 58.203,87€ a prezos de contrata, sendo de 43.669,26 € a prezos de adxudicación. O incremento finánciao integramente a deputación (código: 04.2300.0134.1).

Con isto os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

“EDAR colectores xerais O Pino- Sector 1”			
	Orzamento proxecto Inicial a prezos de contrata	Orzamento reformado a prezos de contrata	Incremento
	04.2300.0134.0		04.2300.0134.1
Deputación f.p.	126.151,16	184.355,03	58.203,87
Deputación outros	29.543,60	29.543,60	0
Estado	71.850,03	71.850,03	0
FEDER	363.327,16	363.327,16	0
TOTAL	590.871,95	649.075,82	58.203,87

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.

8.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “EDAR E REDE DE SANEAMENTO EN AGRÓN” DO CONCELLO DE AMES INCLUÍDA NO POS 2005. CÓDIGO 05.2100.0006.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Aprobar o proxecto reformado da obra "Edar e rede de saneamento en Agrón" (código: 05.2100.0006.0) do Concello de Ames, incluída no POS 2005 cun orzamento de contrata de 377.541,71 € que non representa variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade ou o obxecto das obras pero representa cambios internos que afectan a máis dun 30% do seu orzamento con exclusión do IVE

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u> <u>f. propios</u>	<u>Deputación</u> <u>préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
05.2100.0006.0	Ames	Edar e rede de saneamento en Agrón	168.244,55	134.898,79	55.521,28	18.877,09	377.541,71

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PARQUE DO EUME TREITO B-1 ÁREA 4” DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, INCLUÍDA NO POL 2005. CÓDIGO 05.2300.0167.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Aprobar o proxecto reformado da obra “Parque do Eume-As Pontes, tramo B-1, área 4” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Programa operativo local 2005, código 05.2300.0167.0, cuxos datos deseguido se indican, que non representan unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade das obras pero representa cambios internos que afectan a máis dun 30% do seu orzamento de execución material

Código	Concello	Denominación	Orzamento
05.2300.0167.0	As Pontes de García Rodríguez	Parque do Eume-As Pontes, tramo B-1, área 4	557.874,11

10.- INFORME SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Informar favorablemente a modificación, acordada pola Asemblea da mancomunidade do 2 de maio de 2006, dos estatutos da “Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes”.

11.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE PARTE DO EDIFICIO “A MILAGROSA” PARA AMPLIAR O CENTRO XERONTOLÓXICO E CEDER O USO Á UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Aprobar definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa para a súa cualificación como ben patrimonial. En concreto a superficie que se ha desafectar é de 98,90 metros² na planta soto.

2.- Ceder á Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña, nos mesmos termos que a inicial, o uso dos 98,90 m² para a ampliación do Centro Xerontolóxico.

12.- APROBACIÓN DA RESOLUCIÓN POR MUTUO ACORDO DO CONVENIO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DA COMPAÑÍA FILLAS DA CARIDADE DE SAN VICENTE DE PAÚL NO CENTRO EMILIO ROMAY.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Aprobar a resolución por mutuo acordo do convenio formalizado coa “Compañía Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl” formalizado o 18 de marzo de 1987 (Pleno 25 de febreiro de 1987 e modificado por Comisión de Goberno o 29 de outubro de 1993 e Pleno do 30 de xaneiro de 2004) pola prestación de servizos asistenciais no Fogar Infantil Emilio Romay.

2.- A extinción producirá o seus efectos o 31 de xullo do 2006. Non obstante, a Compañía das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl acepta por mutuo acordo o pedimento da Deputación provincial de que poida extinguirse con anterioridade á dita data, unha vez resolva a deputación a provisión de prazas de persoal en na data que a Corporación provincial estime oportuno, facultando á Presidencia da deputación para a resolución correspondente

3.- Resolver o citado convenio por mutuo acordo, sendo o órgano competente o Pleno da Corporación

13.- PROPOSTA PARA O EXERCICIO DAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS NO TEATRO COLÓN E NA PROVINCIA.

- F. INICIATIVA PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.**
- G. RATIFICACIÓN DA COMISIÓN DE ESTUDO.**
- H. TOMA EN CONSIDERACIÓN DA MEMORIA ELABORADA POLA COMISIÓN TÉCNICA.**
- I. DECLARACIÓN DE INTERESE PÚBLICO PROVINCIAL DO SERVIZO PÚBLICO QUE SE REXERÁ POLO REGULAMENTO.**
- J. PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE A FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO.**

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

Antes de lle dar a palabra ao Sr. López Crespo, fágolle unha proposta ao Pleno por se é aceptada. Como o punto 13, 14 e 15 teñen relación todos, parécelles ben que agrupemos o debate e entón veremos que facemos coa votación? Entón, para tratar o punto 13, 14 e 15, ten a palabra o Sr. Nogueira.

Sr. Nogueira Fernández

Como presidente dunha Comisión que se formou no ano 2004, que era continuación doutra Comisión que se nomeara no ano 98, encargada de estudar a xestión e buscar a forma de xestión do Teatro Colón, quería, en primeiro lugar dar as grazas a todos os membros que compuxeron esta Comisión e que supuxeron que

despois de dous anos de duro traballo sexamos capaces de presentarlle a este Pleno un Prego de condicións que é, por unanimidade, aprobado polos tres grupos nas distintas Comisións. Os membros que compuñan esa Comisión son M^a Socorro Cea Vázquez, D. Carlos López Crespo, D. José Luis Almau Supervía, D. José Manuel Pardellas Rivera, D. Juan Bautista Suárez Ramos, D. Luis Jaime Rodríguez Fernández, D. Enrique Calvete Pérez, D. Rogelio López Cardalda e, baixo a Presidencia deste humilde deputado provincial.

Este traballo, durante estes dous anos levounos a distintas posturas, é dicir, cada grupo partía desta Comisión cunha postura determinada, e o que levou é que este traballo durante estes dous anos nos levase a que, renunciando cada un a unha parte da súa razón, sexamos capaces de traer unha razón compartida por todos. Esa proposta que hoxe vén aprobada pola Comisión do Teatro Colón e pola Comisión de Plans Especiais, eu creo que é boa para a provincia, ou creo, e así o entendemos os tres grupos, que é boa para a provincia, é boa para a deputación e é boa para os concellos que forman esta provincia.

É un prego que nos permite, á parte de que o feito xa só de que se tome por consenso, por acordo dos grupos, eu creo que é positivo e é de resaltar neste Pleno da deputación. Pero non só por iso, senón porque eu creo que o contido do prego eu creo que hai que resaltar algúns aspectos, e eu vou resaltar, sei que os outros intervenientes, tanto do partido do Bloque Nacionalista como do PP farán, imaxino, tamén resaltarán partes dese prego, eu vou mencionar os aspectos que eu creo máis importantes.

É un acordo que permite a reversión deste acordo, é dicir, calquera das outras dúas posturas, que era a venda e a xestión directa levábanos a unha decisión irreversible. Tanto a venda como a xestión directa levaba a que calquera decisión era xa inviable que se puidese reconsiderar. A xestión indirecta que lle propomos hoxe aquí a este Pleno é unha alternativa que permite que dentro de cinco anos, xa que o Prego de condicións marca que o prego é por cinco anos, renovábel cada cinco anos, até un máximo de vinte e cinco anos, dentro de cinco anos, por parte da Corporación que estea nese momento, poida revogarse sen que supoña ningún custo para esta institución, xa que non hai nin persoal, nin persoas, nin inmóbeis gastados por parte desta deputación, co que se pode reverter a esta institución.

En segundo lugar, e importante, é que é un Prego de xestión indirecta, pero que comparte tamén a xestión directa xa que, como mínimo o Prego establece que, como mínimo 45 días será de disposición da deputación, como mínimo, entendemos que as propostas que se presenten para realizar a xestión da deputación aumentarán eses días, e polo tanto a xestión da deputación directamente por parte do Colón, ao mellor, pode chegar mesmo a un terzo dos días do ano. Iso permite a xestión indirecta por parte dun concesionario e a xestión directa por parte da deputación eses días que, como digo, como mínimo, serían 45 días.

E en terceiro lugar, eu creo que habería que resaltar que, grazas a esta proposta, non só imos colaborar na programación cultural do Teatro Colón, xa que a programación será por unha Comisión Mixta paritaria entre o concesionario e a deputación, formada polo mesmo número de membros, senón que lle esiximos ao que se presente a concesionario para programar o Teatro Colón, unha programación na provincia, é dicir, non só imos influír na programación do Teatro Colón, senón que tamén imos influír na programación de datos culturais que leve o concesionario no resto da provincia. Polo tanto, eu creo que é un dobre motivo de satisfacción, non imos colaborar co concesionario na xestión directa que vai facer ese concesionario, pero imos tamén influír na programación que faga esa empresa no resto da provincia e non só no Teatro Colón e, polo tanto, influír no investimento que faga ese concesionario na provincia, condicionar que haxa todos os anos un investimento en programación cultural.

Eu creo que son uns aspectos importantes, creo que é de satisfacción para todos que isto se poida realizar e xa dicía que despois de, se tomamos o primeiro mandato, que foi no ano 98, ratificado no ano 2004 a unha Comisión, hoxe é o día de poder dar froito a este traballo arduo formado polos membros que mencionei na lectura ao principio.

Polo tanto, creo que hoxe é un día de satisfacción para todos os partidos que compoñen esta deputación, e creo que é o inicio dunha andaina, xa que isto, primeiro se exporá ao público hoxe, se se aprobar, como espero, por unanimidade, irá a exposición pública, despois terá que vir outra vez ao Pleno para a aprobación definitiva no mes de setembro, e a partir de aí sería cando se abriría o prazo de presentación de ofertas. A partir de hoxe as persoas que queiran concorrer xa se sabe que se abre, aínda que é un período de exposición pública, xa é, aínda que son 30 días hábiles para presentación de ofertas, indubidabelmente, todos os que queiran concursar para levar a xestión do Teatro Colón, saben que a partir de hoxe hai un prego que se emendará polas emendas que poidan presentar pola exposición pública, pero na base, no fundamental, xa quedaría hoxe aprobado.

Xa que logo, dar as grazas a todos os membros da Comisión, e dar as grazas por anticipado, aventúrome, a este Pleno, na aprobación que vai proceder a este Prego de condicións. Nada máis.

Sr. López Crespo

Vou falar de tres aspectos nada máis do Teatro Colón, primeiro mostrar a alegría que nos dá aos membros do Partido Popular chegar a este final feliz deste proceso, sabiamos desde o principio, non imos lembrar como comezou aquí, pero sabiamos que había de chegar aí. O feito de que o Teatro Colón siga en mans da deputación xustificárase pola singularidade arquitectónica do edificio, pola historia, pola singularidade histórica do que foi o Teatro Colón e entón por unha filosofía que creo que compartimos todos, que é a conservación do patrimonio histórico artístico en

mans públicas porque son as que previsibelmente poden facer mellor uso e conservación del, se non, tería riscos de desaparecer.

Feitas estas aclaracións, e antes de falar do que serían os obxectivos culturais que se van conseguir, eu tamén quería dicir, como o Sr. Nogueira que, desde o primeiro día que se formulou como ía funcionar o Teatro Colón, que se se vendía, que se non se vendía, que se se administraba directamente, que se indirectamente, no Partido Popular tiñamos unha concepción do que queríamos que fose. Este documento que se presenta hoxe ao Pleno no seu conxunto, coincide plenamente como un obxecto superposto, coincide totalmente co que nós queríamos. Como non somos técnicos, non seríamos capaces, pero aí están os técnicos, que o fixeron todos eles, aos que queremos recoñecerlle desde aquí a capacidade e a sensibilidade para captar todas as mensaxes que se dixeron nesa Comisión que, por certo, hai que dicir, que non foron diverxentes, é dicir, os tres partidos poden ter mesmo concepcións diferentes da xestión da cultura, mesmo da definición da propia cultura, pero cando se falou deste tema houbo moita homoxeneidade nas formulacións.

Cales son as vantaxes fundamentais que ten esta proposta de que a propiedade siga sendo da deputación e a xestión indirecta?, moi sinxelo, as dúas máis importantes, potenciar en xeral o desenvolvemento da cultura, e en particular, e con máis intensidade se cabe, o desenvolvemento e a potenciación da cultura de Galicia, e da cultura galega tamén.

E por último, nesta deputación administramos fondos públicos orientados principalmente aos concellos, isto vai supor un aforro importante do que se van ver beneficiados os concellos, en contraposición ao que pasaría se a administrase a deputación, que tería uns gastos que haberían de saír forzosamente do diñeiro que se lle manda aos concellos.

Feita esta aclaración, nós estamos, repito, moi, moi contentos, confiamos en que se vai votar por unanimidade, e confiamos en que as empresas que se presenten para a xestión deste Teatro Colón saiban interpretar o que desde aquí se lles di e, sobre todo, é moi importante que esta deputación segue tendo atribucións e poder para poder reorientar o funcionamento do Teatro Colón se este non for o axeitado. Pola miña parte, nada máis, repito a felicitación aos grupos polo doado que foi negociar, a felicitación aos técnicos polo documento que conseguiron, desde o punto de vista de contido e de recollida das sensibilidades dos tres grupos, e felicitación a toda a Corporación porque, como se ve, o interese público lévanos a chegar a acordos importantes e profundos en algo que se podía dar moita demagogia, como é a cultura. Non se dá demagogia, vaise ás ideas, á racionalidade, e este é o resultado. Grazas, o noso voto vai ser afirmativo.

Sr. Bello Costa

En nome do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego queremos darlle a benvida a D. José Blanco Pazos pola súa toma de posesión como membro desta Corporación provincial e desexarache os maiores éxitos nesta andaina.

Tamén quería, Sr. Presidente, xa o fixen antes de comezar este Pleno, escusar a asistencia da deputada Socorro Cea Vázquez, que neste momento está noutro Pleno, pero neste caso no do seu concello, nun Pleno extraordinario, e ela debería ser a que interviñese tamén hoxe aquí, dado que foi membro dese grupo de traballo, que presidía o Sr. Nogueira.

A proposta que trae hoxe o presidente desta Comisión e o presidente da Deputación, avalada por un ditame favorábel na propia Comisión, é o resultado de conciliar distintas posicións políticas, a pluralidade desta Cámara provincial, de harmonizar puntos de vista, pareceres e mesmo diferenzas.

Este resultado final non é a formulación que o BNG pretendía inicialmente, pero mantén substancialmente os piares básicos das distintas propostas feitas polo noso grupo a ese equipo de traballo para o futuro desta magnífica infraestrutura cultural. Un deles, o primeiro, o mantemento do Teatro Colón, dentro da titularidade pública, como acontece co Pazo de Mariñán, o Castelo de Vimianzo ou as Torres do Allo.

Tocante á xestión, entendiamos máis pertinente unha xestión directa, que se consegue, en parte, coa proposta que se trae a Pleno, ao reservaren, polo menos, 45 días para a realización de actividades culturais directas pola deputación, tamén barallamos e propuxemos a posibilidade da creación dun organismo autónomo como participación da propia deputación, pero abrindo as portas a outras administracións ou entidades interesadas en formar parte deste organismo. Hai exemplos ao longo do país, exemplos mesmo dentro da provincia, como pode ser, por exemplo, o organismo autónomo local, Auditorio de Galicia, ou mesmo neste Concello da Coruña o Instituto Municipal Coruña Espectáculos, que funcionan desta maneira.

Por razóns, xa superadas, digo no transcurso destas reunións, destas comisións, a proposta que vén ao Pleno é unha proposta que aceptamos e que, polo tanto, nós o único que desexamos é que na perspectiva de futuro queremos contribuír a facer entre todos do Teatro Colón un referente provincial no campo da acción socio-cultural. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Creo que unha vez escoitados os voceiros dos grupos políticos que integran este Pleno, cábeme dicir que eu estou satisfeito por esta solución.

Hoxe iníciase en Galicia un debate transcendental para o futuro de Galicia, hoxe iníciase no Parlamento de Galicia o arrinque do debate sobre a modificación do Estatuto de Autonomía, creo que este Pleno está a dar un exemplo de como se debe de

traballar, será necesario grandes doses de comprensión, grandes doses de xenerosidade e grandes doses de consenso para harmonizar posturas diverxentes, pondo a fin pública por riba dos intereses lexítimos e lícitos que cada un de nós, como grupo político, como ideoloxía, poidamos ter.

Foi un traballo, todos suavizaron, foi un traballo difícil, porque partiamos de posturas diverxentes, pero foi un traballo, felicito os membros da Comisión, que se fixo ben, porque se soubo harmonizar con xenerosidade e con comprensión as distintas alternativas, lícitas, como digo, que cada un tiña, e creo que unha vez máis, a deputación é exemplo de funcionamento, somos capaces de acordar e pornos de acordo en función do interese público.

E ademais é un día importante para esta deputación e para a provincia, é un día importante porque nos vai permitir ter un gran centro cultural sen custo ningún para o erario público, e vainos permitir ademais coa xestión directa, polo menos durante 45 días, que as fundacións, as asociacións culturais, concellos, teñan un centro na capital da provincia para que poidan desenvolver as súas actividades, e imos conseguir ademais que neste centro se potencie e se difunda a cultura galega. Polo tanto, temos múltiples motivos para sentirmonos satisfeitos, arrinca hoxe un proceso que finalizará, alá rematado este ano, o ano 2006, e só me cabe dicir que agora depende da competencia, da mellor oferta, a resolución deste proceso que hoxe se inicia. Oxalá teñamos boas ofertas, e oxalá poidamos adxudicar o Teatro Colón a un concesionario que consiga difundir a cultura galega, promover a cultura galega, crear un gran foco cultural no centro da cidade para toda a provincia e, ao mesmo tempo, prestar as súas instalacións para diferentes fundacións, asociacións culturais e concellos, que teñen interese en desenvolver aquí actividades.

E oída a vontade dos tres grupos, enténdese que os puntos 13, 14 e 15 quedan aprobados por unanimidade. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Proposta para o exercicio das actividades socio-culturais no Teatro Colón e na provincia:

a.- Iniciativa para o exercicio de actividades en réxime de libre concorrancia.

Aprobar inicialmente o expediente para o exercicio de actividades socioculturais no Teatro Colón e na provincia en réxime de libre concorrancia, de conformidade co disposto no art. 86 da Lei reguladora das bases de réxime local e no artigo 97 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en

materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

b.- Ratificación da Comisión de Estudo.

b.1. Ratificar a constitución da Comisión de Estudo para o exercicio da actividade sociocultural no Teatro Colón e na provincia, designada por Resolución de Presidencia nº 8.991 do nove de xuño de 2004, integrada por:

PRESIDENTE:

JOSE F. NOGUEIRA FERNÁNDEZ, actuando ademais en representación do Grupo Provincial Socialista.

VOGAIS.

Carlos Enrique López Crespo en representación do Grupo Popular.

María Socorro Cea Vázquez, (actuando no seu nome e representación e en substitución dela Don Pablo Villamar Díaz) en representación do Grupo Bloque Nacionalista Galego.

Jose Luis Almau Supervia, secretario xeral

José Manuel Pardellas Rivera, interventor xeral

Juan Bautista Suárez Ramos, interventor adxunto, (por delegación do interventor)

Enrique Calvete Pérez, tesoureiro

Rogelio López Cardalda, xefe do Servizo de Fomento

SECRETARIO

Luis Jaime Rodríguez Fernández, xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación.

1. b.2. Prestar conformidade a todos os traballos previos realizados pola Comisión de Estudo e en particular:

2.

1. Memoria relativa á xestión do servizo público sociocultural “Teatro Colón”: consideracións de carácter xurídico económico e financeiro.

3.

2. Viabilidade e normativa para o uso sociocultural do “Teatro Colón” da Excma. Deputación Provincial.

4.

3. Proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do Teatro Colón.

4. Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante concurso con procedemento aberto da xestión do Teatro Colón e a realización de accións socioculturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión.

5. Regulamento do Servizo. Normas de funcionamento do Teatro Colón

c.- Toma en consideración da memoria elaborada pola Comisión Técnica.

Aprobar a memoria xurídica e económica e a memoria técnica denominada “Viabilidade e normativa para o uso sociocultural do Teatro Colón da Excm. Deputación Provincial”.

d. Declaración do interese público provincial do servizo público que se rexerá polo regulamento.

Declarar de utilidade pública as actividades socioculturais que se han desenvolver no Teatro Colón e na provincia.

e. Proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do servizo público.

Aprobar a proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do servizo público que será a de xestión indirecta na súa modalidade de concesión de servizo público de conformidade co disposto no art. 85.2.B da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, e artigo 156.A e concordantes do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Disposición común ao apartado 1.: Tramitación: exposición pública e aprobación definitiva.

Tamén se acorda:

- Expoñer ao público a totalidade do expediente tramitado para o exercicio das actividades socioculturais no Teatro Colón e na provincia, durante o prazo de 30 días naturais durante os cales poderán formular observacións as entidades ou particulares.

- Transcorrido o prazo de exposición ao público someterase á consideración do Pleno a aprobación definitiva do expediente, resolvendo no seu caso, as reclamacións formuladas se as houber.

14.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARTICULARES PARA CONTRATAR MEDIANTE CONCURSO CON PROCEDIMENTO ABERTO A XESTIÓN DO TEATRO COLÓN E A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS SOCIOCULTURALS NA PROVINCIA DA CORUÑA NA MODALIDADE DE CONCESIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante concurso con procedemento aberto da xestión do Teatro Colón e a realización de accións socioculturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión.

2. Expoñer ao público o prego aprobado mediante a súa publicación íntegra no

Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de 30 días naturais.

3 Transcorrido o prazo de exposición pública e aprobado definitivamente o expediente para o exercicio de actividade sociocultural no Teatro Colón, e no caso de non presentárense reclamacións, considerarase o Prego definitivamente aprobado.

4 Cumpridas todas as condicións anteriores, facultar o presidente para a convocatoria do concurso para a adxudicación do contrato de xestión de servizo público mediante a modalidade de concesión.

15.- REGULAMENTO DO SERVIZO. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO TEATRO COLÓN: APROBACIÓN INICIAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. Aprobar inicialmente o Regulamento do servizo que contén as normas do seu funcionamento para a realización de actividades socioculturais no Teatro Colón, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei reguladora das bases de réxime local.
2. Someter o citado regulamento a información pública e audiencia aos interesados por un prazo de 30 días, para os efectos de reclamacións e suxestións, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o cal sen que se presentase ningunha reclamación ou suxestión entenderase aprobado definitivamente sen necesidade de novo acordo.
3. Aprobado definitivamente o citado regulamento remitirase copia íntegra e fidedigna deste á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma de Galicia, e publicarase íntegramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e entrará en vigor transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2, en relación co 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local.

16.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE 21.024 M2 DOS TERREOS DE TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN SITOS NA MARXE DEREITA DA ESTRADA AC 173 (QUE DISCORRE DE PERILLO A MERA AO SEU PASO POR BASTIAGUEIRO, MUNICIPIO DE OLEIROS) A FAVOR DO CONCELLO DE OLEIROS COA FINALIDADE DE DESTINALOS A AUDITORIO MUNICIPAL.

INTERVENCIONS

Sr. López Crespo

Até o punto 25 votamos a favor.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de cesión da propiedade ao Concello de Oleiros para a construción dun auditorio, dos bens propiedade da Deputación que a continuación se describen:

- 21.024 m² sobre os terreos que a Deputación da Coruña posúe na marxe dereita da AC-173 que discorre de Perillo a Mera ao seu paso por Bastiagueiro e correspondentes ao predio rexistral 12.160 do municipio de Oleiros (inscrita no tomo 1056, libro 131, folio 88, do Rexistro da Propiedade nº 3 da Coruña).

2.- Establecer como condicións da cesión as seguintes:

A) A cesión outórgase coa finalidade exclusiva de construír un auditorio, que deberá estar finalizado e en uso no prazo de cinco anos desde a entrega da posesión, transcorridos os cales sen iniciarse a actividade reverterá o terreo nesta Excm. Deputación para o que será suficiente con acta notarial expresiva de que o Concello de Oleiros a requirimento notarial, non puido xustificar o efectivo funcionamento do auditorio.

B) A Deputación resérvase o dereito de uso dos bens durante 15 días ao ano para realizar aquelas actividades que estime necesarias.

C) Se os bens cedidos deixasen de aplicarse en toda a súa extensión co fin previsto durante os trinta anos posteriores á verificación da cesión, considerarase resolta a cesión e reverterán os bens cedidos na deputación; polo que no caso de incumprimento bastará a acta notarial de constancia de feitos acreditándoo, acompañada da mesma escritura de cesión, para inscribir no Rexistro da Propiedade os bens a favor da deputación por dereito de reversión dimanante do incumprimento da condición expresa.

3.- Expoñer a información pública mediante un anuncio que se ha publicar no BOP durante un prazo de 30 días para os efectos de eventuais reclamacións.

4.- Transcorrido o devandito prazo someterase ao Pleno para resolver as reclamacións que no seu caso se formulen ou para a súa aprobación definitiva.

5.- Facultar o presidente desta Corporación para a execución do presente acordo.

17.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DA OBRA “PISCINA CLIMATIZADA CUBERTA EN PORTO DO SON, PL.” DO CONCELLO DE PORTO DO SON, INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE PISCINAS CUBERTAS CLIMATIZADAS PARA CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN SUPERIOR AOS 10.000 HABITANTES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

En cumprimento do disposto no apartado 2º do acordo do Pleno da deputación relativo á aprobación da 1ª fase do Plan de piscinas cubertas climatizadas para os concellos da provincia cunha poboación superior aos 10.000 habitantes 2005-2006, que foi adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2005.

Unha vez achegado o informe técnico favorábel de supervisión do proxecto técnico da obra “PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA” do Concello de Porto do Son.

E tendo en conta que o proxecto técnico corrixido ten un orzamento de 1.659.963,20 euros, o que supón un incremento que ha financiar o concello de 159.963,20 euros, en relación co inicialmente aprobado que ascendía a 1.500.000,00 euros.

1º.- Aprobar definitivamente o proxecto técnico e máis o novo financiamento da obra “PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA” do Concello de Porto do Son, código 05.3210.0001, incluída na 1ª fase do Plan de piscinas cubertas climatizadas para concellos da provincia cunha poboación superior aos 10.000 habitantes 2005-2006, que foi aprobada na sesión plenaria celebrada o día 22 de decembro de 2005, e que se indica deseguido:

Código	Concello/Obra	Achegas	Anualidades		Orzamento Total
			2.005	2.006	
05.3210.0001.0	Porto do Son : Piscina cuberta climatizada	Deputación	300.000,00	1.200.000,00	1.500.000,00
		Concello	0,00	159.963,20	159.963,20
		Total....	300.000,00	1.359.963,20	1.659.963,20

2º.- A contratación e execución desta obra realizaraa o respectivo concello, de acordo co establecido nas bases do Plan de piscinas cubertas climatizadas para concellos da provincia cunha poboación superior aos 10.000 habitantes 2005-2006, aprobadas por acordo plenario do 28 de xullo de 2005 e publicadas no BOP nº 176 do 3 de agosto de 2005.”

18.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO MODIFICADO DA E.P. 0807 TATÍN A SAN ISIDRO POR MORUXO, 1ª FASE INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 6ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Modificar o acordo de Pleno con data do 29-09-2005 relativo á aprobación inicial do PLAN DE TRAVESÍAS 2005 6ª Fase, por cometerse un erro material na transcripción do orzamento da obra, no senso:

Onde di: 755.421,31 euros

Debe dicir: 775.421,31 euros

2.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2005 6ª Fase integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto nas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do plan de travesías provinciais 2004-2007

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0019.0	MODIFICADO E.P. 0807 TATIN A SAN ISIDRO POR MORUXO 1ª FASE (BERGONDO)	775.421,31
	TOTAL	775.421,31

3.- Expoñer ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

4.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da

Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, tal como:

- A actual estrada é moi estreita (entre 3.50 a 4.00 metros) sendo o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., e proxéctase a ampliación da calzada a 7.50 metros de anchura total.
- A existencia de curvas perigosas con pequeno radio (menor de 30 m.)
- A actual estrada discorre por unha zona altamente poboada que a converte practicamente nunha travesía urbana con edificacións e vivendas pegadas á estrada, polo que se proxecta a construción de beirarrúas de 1.50 metros de ancho en ambas marxes.
- Toda a zona pola que discorre a estrada dispón de rede de abastecemento pero carece de rede de saneamento.
- O actual pavimento é de macadam bituminoso con tratamento superficial estado do firme da estrada.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACIÓN DE EXPROPIACIÓNS
05.1130.0019.0	MODIFICADO E.P. 0807 TATIN A SAN ISIDRO POR MORUXO 1ª FASE (BERGONDO)	41.752,48
	TOTAL	41.752,48

5.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.

19.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2006, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2006 1ª FASE cun orzamento total de 1.853.779,58 euros e que son as que a continuación se detallan

CODIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
06.1130.0001.0	TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK. 3.800 AO 7.100 E DO 10.250 AO 10.750 (1ª FASE DO PK. 3.800 AO 7.100 PONTEDEUME)	950.428,77
06.1130.0002.0	TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0513 PAIOSACO CAIÓN (TRAMO DA TORRE-A LARACHA)	320.650
06.1130.0003.0	TRAVESÍA NA E.P. 8401 TABLILLA-AGRO DO MESTRE (O PETON E PONTEPEDRA-TORDOIA)	205.896,46
06.1130.0004.0	PROLONGACION DA TRAVESÍA AVDA. DA GRABANXA EN SIGUEIRO-OROSO)	376.804,35
	TOTAL	1.853.779,58

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a deputación até que se

acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a súa correspondente fase.

2.- Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 30-04-2004 (BOP 104/08-05-2004)

20.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0205 DE BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA, PROXECTO DE GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA BOLA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto mellora da seguridade viaria na E.P. 0205 de Bertamiráns á Ramallosa, proxecto de glorieta na intersección da Bola.

2.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que de lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fai necesaria a execución da citada obra dado que a intersección a nivel actual está situada nun cambio de rasante de reducida visibilidade e constitúe un cruzamento perigoso polas elevadas velocidades alcanzadas polos vehículos na E.P. 0205. O obxectivo desta actuación é mellorar a seguridade viaria na intersección mediante a construción dunha glorieta que canalice os movementos de xiro e obrigue a moderar a velocidade dos vehículos que transitan pola E.P. 0205, co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

21.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO MODIFICADO Nº 1 DO ENSANCHE E MELLORA DO TRAZADO, SEGURIDADE VIARIA E AFIRMADO DA E.P. 3002 DA MOURA A BENS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto modificado nº 1 do de

ensanche e mellora de trazado, seguridade viaria e afirmado da E.P. 3002 da Moura a Bens (código 05.1130.0018.0)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por suscitar cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación e tendo en conta que a solicitude deste procedemento de urxencia se xustifica co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que de lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como:

- A actual estrada é moi estreita (entre 3,50 a 4,00 metros) sendo o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc. proxéctase a ampliación da calzada a 10,9 de ancho total:

2 carrís de 3,5 metros

2 beirarrúas de 1,8 metros máis bordo (nos tramos de beirarrúas)

1 beirarrúa de 1,8 metros máis bordo e unha beiravía de 1,5 metros (nos tramos con beirarrúas e beiravía)

- A existencia de curvas perigosas con pequeno radio (menos de 40 m)
- A actual estrada discorre por unha zona altamente poboada que a converte practicamente nunha travesía urbana con edificacións e vivendas pegadas á estrada, polo que se proxectou a construción de beirarrúas de 1,80 metros de ancho en ambas marxes.

- A existencia dunha zona industrial con naves industriais con entradas desde a estrada.

- Á altura do pk. 0,480, 0,740 e 1,070 hai unhas paradas de autobús urbano tanto pola marxe dereita como pola marxe esquerda.

- No pk. 1,200 hai un complexo deportivo nunha chaira anexa á marxe esquerda da estrada. O trazado neste punto contén a curva máis perigosa de todo o traxecto cun radio de 40 m.

- Unha vez pasado o acceso á estrada de Nostián e ao Porto de Suevos, existe unha marquesiña para a parada final do traxecto de bus urbano, debendo realizar neste punto os autobuses a manobra de cambio de sentido mediante xiro de 90º marcha atrás por devandito entoque, co consecuente risco de devandita manobra, unido á incomodidade que supón para os veciños de Bens o que esta parada estea a 200 m. do núcleo urbano.

22.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006, 3ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1) Aprobar o Plan de vías provinciais 2006, 3ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos neles, cun orzamento total de 108.064,14.- euros, con cargo á Partida 0401/511B/61102:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
06.1110.0004.0	RECONSTRUCCION DUN MURO E RESTITUCIÓN DUN MURO DE URBANIZACION NA E.P. 3106 ACCESO Á ESTACION DO BURGO	108.064,14
TOTAL.....		108.064,14

2) Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

23.- APROBACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA CUARTA ANUALIDADE (2006/2007) DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar as actuacións da cuarta anualidade (2006/2007) do Plan de Dinamización Turística da Costa da Morte instrumentado a través do convenio administrativo asinado entre a Secretaría Xeral de Turismo do Ministerio de Economía, a Secretaría Xeral de Turismo da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Deputación Provincial da Coruña, a Asociación de Empresarios de Hostalaría da Coruña e a Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte adecuándoas á relación aprobada pola Comisión de Seguimento do Plan na sesión do 26.04.2005.

2.- A relación das actuacións é a seguinte:

ACTUACIÓNS CUARTA ANUALIDADE	Exercicio 2006 1º semestre	Exercicio 2006 2º semestre	Exercicio 2007 1º semestre	
Xerencia	47.500,00		23.750,00	
Plan de comunicación		250.000,00	140.340,14	109.659,86*
Domus Atlántica	110.000,00			
Casa do Pendón		51.957,31	27.550,69	
Aldea de madeira			121.000,00	
Rehabilitación edif. Museo Bergantiños		90.150,50		
Áreas de servizos para autocaravanas		30.000,00		
Congreso Fins do Mundo			20.000,00	
Material náutico (Malpica e Corcubión)		30.000,00		
Mantemento páxina web		16.000,00	8.000,00	
Pazo da Cultura de Carballo		29.232,33		
Sinalización conx. hco-artístico de Corcubión		15.000,00		
Gastos varios			14.359,17	
Reitoral do Couto		47.500,00	52.500,00	
III Concurso de fotografía		6.000,00		
Paquetes turísticos			10.000,00	
Baixas de 4ª anualidade				
Acondicionamento sendeiro Caldeiras do Castro – Muxía				
Acondicionamento sendeiro Fonte da Tella – Muxía				
Complementar reitoral do Couto				
Ruta Eduardo Pondal				
Outras actuacións aprobadas	577.159,86			
TOTAL	734.659,86	565.840,14	417.500,00	109.659,86*
	Total orzamento 2006 1.300.500,00			

3.- A cantidade imputada ó plan na presente asignación (cuarta anualidade) ascende a 1.250.500 euros; 565.840,14 correspóndenlle ao segundo semestre do exercicio 2006 (que sumados ós 734.659,86 € do primeiro semestre dan o total de 1.300.500,00 euros imputados ó exercicio 2006).

Ademais impútanse na presente proposta de aprobación da cuarta anualidade do plan outros 417.500,00 euros ao exercicio 2007 para finalizar figuran imputados á

cuarta anualidade outros 109.659,86 euros que serán financiados coas economías orzamentarias derivadas das diferenzas nas cantidades presupostadas pola Deputación respecto das diferentes anualidades do Plan de dinamización da Costa da Morte xa aprobadas.

4.- De acordo co convenio o financiamento para os exercicios 2006 e 2007 é o seguinte:

AXENTES FINANCIADORES	2006	2007
Achega Ministerio	416.500	-----
Achega Xunta	467.500	417.500
Achega Deputación	416.500	-----
Totais	1.300.500	417.500

A achega provincial poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/751A/628.00 cód.2003 3 80010 8 1

24.- PROPOSTA DE TRAMITACIÓN DO PROXECTO INTERREG III A GALICIA-NORTE DE PORTUGAL “PARQUE”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º Aprobar o proxecto PARQUE e as accións e obxectivos que comprende cuxo detalle é o seguinte, apreciando que concorren causas xustificadas para seleccionar estas actuacións:

DESCRINCIÓN XERAL DAS ACCIÓNS DO PROXECTO:

- Parceiros do proxecto: Concello de Lugo, Consorcio de la Zona franca de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Fundación Caixanova, Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. Deputación Provincial da Coruña, Cámara Municipal de Chaves, Municipio de Braganza.
- Obxectivo: preténdese implementar un proxecto piloto encamiñado a acondicionar os parques empresariais da eurorexión como polo de atracción de novos investimentos empresariais e mellorar a capacidade de creación de emprego delas.

- Descrición xeral das accións do proxecto:

O proxecto pretende impulsar o desenvolvemento e promoción dun sector estratéxico como é o empresarial.

O obxectivo global do proxecto baséase na consecución dos seguintes extremos:

- Promoción da actividade empresarial común asegurando a valorización das diversas vertentes do sector
- Facilitar o acceso á sociedade da información..
- Implementación de servizos avanzados de transferencia tecnolóxica.
- Potenciación do uso de enerxías alternativas.
- Potenciación da internacionalización e da cooperación empresarial..

2º Aprobar a distribución financeira do proxecto, por entidade participante, e cuxo detalle se describe de seguido:

- Distribución financeira do proxecto por entidade participante

Nos correspondentes cadros do proxecto, detállanse os importes totais de actuación para cada unha das entidades socias participantes. Tódalas achegas se compoñen dunha achega do 75% correspondente ao FEDER e do 25% correspondente a fondos propios.

	CUSTO TOTAL	CUSTO TOTAL ELIXÍBEL	COPARTICIPACIÓN COMUNITARIA	TAXA DE COFINANCIAMENT O FEDER	CONTRAPARTIDA PÚBLICA NACIONAL			
	€	€	€	%	€	€	€	€
XEFE DE FILA	891.969,44	891.969,44	668.977,08	75,0			222.992,36	
SOCIO 1	617.206,88	617.206,88	462.905,16	75,0	154.301,72			
SOCIO 2	196.808,64	196.808,64	147.606,48	75,0	49.202,16			
SOCIO 3	93.623,04	93.623,04	70.217,28	75,0				23.405,76
SOCIO 4	233.674,24	233.674,24	175.255,68	75,0		58.418,56		
SOCIO 5	225.848,80	225.848,80	169.386,60	75,0			56.462,20	
SOCIO 6	296.000,00	296.000,00	222.000,00	75,0			74.000,00	
SOCIO 7	296.000,00	296.000,00	222.000,00	75,0			74.000,00	

En canto á Deputación da Coruña, o desenvolvemento dos traballos pode sintetizarse no cumprimento dos obxectivos parciais e finais detallados no apartado 4.5 do proxecto anexo á presente proposta

O orzamento asignado á Deputación detállase na seguinte táboa:

* Os 9.240 € de gastos de persoal son axudas de custo, locomocións, e son imputados á partida 0305/721B/226.99

RESUMO POR CAPÍTULOS:

TIPO DE GASTO	IMPORTE
1. - Obras públicas	
2.- Adquisición de materiais	
3. -Outros investimentos materiais	110.000,00
4. -Prestación de servizos	76.500,00
5.- Gastos de persoal.	9.240,00
6.- Formación.	12.000,00
7.- Promoción e divulgación	10.000,00
8.- Gastos xerais	646,80
9.- Outros	7.462,00
TOTAL	225.848,80

RESUMO POR TIPO DE GASTO POR ACTIVIDADE:

SOCIO 5	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA		
ACTIVIDADE 1	Coordinación técnica e administrativa		
DATA DE INICIO / CONCLUSIÓN	1/1/2006 a 30/9/2007		
TIPO DE GASTO	GASTO ELIXÍBEL	%	RÉXIME DE EXECUCIÓN
1. Obras públicas			
2. Adquisición de materiais			
3. Outros investimentos materiais			
4. Presentacións de servizos			
5. Gastos de persoal	9.240,00	89,3	XESTIÓN DIRECTA
6. Formación			
7. Promoción e divulgación			

8. Gastos xerais	646,80	6,3	XESTIÓN DIRECTA
9. Outros	462,00	4,5	XESTIÓN DIRECTA
TOTAL2	10.348,80	100,0	

SOCIO 5	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA		
ACTIVIDADE 1	Implantación de servizos telemáticos		
DATA DE INICIO / CONCLUSIÓN	1/1/2006 a 30/12/2006		
TIPO DE GASTO	GASTO ELIXÍBEL	%	RÉXIME DE EXECUCIÓN
1. Obras públicas			
2. Adquisición de materiais			
3. Outros investimentos materiais	110.000,00	53,8	CONCURSO PÚBLICO
4. Presentacións de servizos	76.500,00	37,4	CONCURSO PÚBLICO
5. Gastos de persoal			
6. Formación	12.000,00	5,9	CONCURSO PÚBLICO
7. Promoción e divulgación			
8. Gastos xerais			
9. Outros	6.000,00	2,9	XESTIÓN DIRECTA
TOTAL2	204.500,00	100,0	

SOCIO 5	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA		
ACTIVIDADE 1	Eventos de difusión e comunicación		
DATA DE INICIO / CONCLUSIÓN	1/10/2006 a 30/9/2007		
TIPO DE GASTO	GASTO ELIXÍBEL	%	RÉXIME DE EXECUCIÓN
1. Obras públicas			
2. Adquisición de materiais			
3. Outros investimentos materiais			
4. Presentacións de servizos			
5. Gastos de persoal			
6. Formación			
7. Promoción e divulgación	10.000,00	90,9	XESTIÓN DIRECTA
8. Gastos xerais			
9. Outros	1.000,00	9,1	XESTIÓN DIRECTA
TOTAL2	11.000,00	100,0	

3º Aprobar as responsabilidades da Deputación Provincial da Coruña como parceiro do proxecto.

As obrigas que lle competen á Deputación como socio, en base ao “Acordo de cooperación transfronteirizo entre os parceiros do proxecto” (art.4 e 6) son as seguintes:

Segundo disposto no artigo 4:

- Contestar rapidamente ás solicitudes de información, así como facilitar os documentos necesarios para a instrución,
- Comunicar a aceptación das decisións e eventuais modificacións do proxecto.
- Executar as actividades que lles son asignadas na ficha de proxecto nos prazos propostos,
- Transmitirlle ao xefe de fila información periódica de avance físico, administrativo e financeiro cara á alimentación do sistema de seguimento,
- Enviarlle ao xefe de fila as certificacións de gastos con vistas á solicitude dos pagos intermedios e final,
- Enviarlle ao xefe de fila a documentación correspondente á execución do proxecto,
- Facilitar a documentación necesaria para os controis de execución do proxecto

e a certificación de gastos.

Segundo o disposto no artigo 6:

- Levar unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto, tanto para o financiamento FEDER como para as correspondentes contrapartidas
- Conservar unha copia de toda a documentación relativa á execución do proxecto
- Aceptar o control das estruturas de control do programa, dos servizos comunitarios competentes e das administracións que cofinancien o proxecto, en todo o relativo á execución do proxecto e á utilización das subvencións concedidas.

4ª Aprobado o texto do acordo entre parceiros do proxecto (Anexo I)

5ª Facultar ao presidente da Corporación para executar o presente acordo.

25.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE AXUDAS AOS CONCELLOS PARA MANTENIMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º.- Conceder unha axuda os concellos de: Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Carballo, Cee, Miño, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes, Ribeira, Santa Comba e Vimianzo, o sostemento dun Grupo municipal de intervención rápida por unha contía de 20.000,- euros por concello, e por tanto un total de 320.000,- euros.

2º.- Aprobado o texto de convenio nos seguintes termos:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA O SOSTEMENTO DUN GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

A Coruña, de de dous mil seis.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario deste organismo, D. José Luis Almau Supervía. .

O alcalde-presidente do Concello de

EXPOÑEN

- 1.- Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.
- 2.- Que a Deputación da Coruña, tendo entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da súa provincia, está interesada na colaboración cos concellos no sostemento de Grupos Municipais de Intervención Rápida (GMIR), que é un corpo enmarcado dentro da seguridade civil dos municipios e que teñen como principal función ter unha infraestrutura altamente operativa que permita dar resposta inmediata ante situacións de emerxencia que impliquen riscos para as persoas ou os bens materiais das áreas dos distintos concellos.
- 3.- Que a Deputación da Coruña non dispón dos medios persoais nin materiais axeitados para afrontar esta tarefa.
- 4.- Que os GRUMIR levan actuando dende agosto de 1997 coa colaboración da Delegación Provincial da Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude e máis a FEGAMP.
- 5.- Que o presente convenio é consecuente coas liñas de actuación que a Deputación vén realizando nas materias de protección civil e campañas de prevención de incendios.

Por todo isto e coa fin de establece-las condicións de colaboración necesarias e acada-lo fin proposto, a Deputación da Coruña e o Concello de acordan subscribi-lo presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA .-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a colaboración cos concellos no sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida, en orde a conseguila inmediata resposta a situacións de emerxencia en: incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, inundacións, primeiros auxilios, asistencias domiciliarias, apoio en materia de seguridade viaria, actividades medioambientais, cooperación en axudas humanitarias e cantas outras supoñan dar resposta ás emerxencias do municipio.

En ningún caso formarán parte do obxecto do presente convenio actividades ou investimentos que sexan incluídas noutros plans ou programas provinciais.

SEGUNDA.- OBRIGAS

O concello de _____ ten creado un Grupo Municipal de Intervención Rápida composto por : un responsábel encargado da coordinación técnica, un xefe de grupo, encargado da coordinación dos operativos do grupo, dous capataces, encargados da coordinación as distintas quendas, podendo exercer un dos capataces de xefe de grupo, e dez peóns, organizaranse en quendas de mañá, tarde e noite, de tal xeito que poidan estar localizables as 24 horas do día para actuar en calquera emerxencia que poida acontecer nas áreas do seu contorno.

A Deputación participará mediante o aboamento dunha subvención ó concello dos gastos de sostemento do grupo por un importe máximo de 45.000,- euros os cales irán destinados a financia-los gastos de nóminas de persoal e material funxible.

O concello, antes da sinatura do convenio, deberá acreditar que está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social,

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

A achega da Deputación Provincial da Coruña aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 0305/223A/46201 do presuposto provincial para o ano 2006.

CUARTA.- PAGAMENTO

Tanto no momento da subscrición como dos aboamentos, o concello deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social mediante a presentación das correspondentes certificacións.

A Deputación aboará o 50%, do total previsto, que ascende a 22.500 euros a sinatura do convenio.

Para o aboamento do anticipo do 50 %, é necesario ter xustificados os gastos realizados no exercicio 2005.

O 50 % restante logo da acreditación previa dos gastos realizados e mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Certificación expedida polo secretario/interventor do concello no que se detallen os conceptos de gasto e o período de tempo ó que van referidos.
- Certificación acreditativa das subvencións concedidas para o obxecto contemplado no presente convenio, e, en todo caso certificación de que os gastos que se presentan como

xustificantes da achega provincial, non foron subvencionados en ningún dos seguintes programas:

Programas dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o 2006.

Convenio de colaboración na Campaña de actuación contra os incendios forestais.

Convenios de Servizos Sociais.

QUINTA.- LÍMITE Á ACHEGA PROVINCIAL. OBRIGAS

No suposto de non xustifica-la totalidade do gasto previsto minorarase a achega da Deputación ata a cantidade xustificada. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da Deputación non superará a cantidade indicada na segunda cláusula. En calquera caso a cantidade que se ha aboar poderá acadar ata o 100 % do gasto xustificado.

Se se obtiveran subvencións doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto minorarase a achega provincial de tal xeito que as subvencións concorrentes non superen o custo da actividade xustificada polo concello conforme ó establecido na cláusula anterior.

A certificación do gasto deberá ter entrada no Rexistro Xeral da Deputación ata o 30 de xuño do ano 2007, e deberá ser referido a gastos efectuados durante o período de vixencia do convenio.

Para o pago das certificacións do gasto o concello deberá estar ó corrente das obrigas fiscais coa Deputación, (art. 170.2 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais) situación que determinará de oficio a propia Deputación.

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á súa resolución e no seu caso, a devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de mora correspondentes.

SEXTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas existentes estarase ó disposto no Texto refundido da lei de contratos, Decreto legislativo 2/2000 do 16 de xuño.

En todo aquilo non previsto no presente convenio estarase ó disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende o primeiro de xaneiro de 2006 e rematará unha vez cumprido o seu obxecto, e en todo caso, o 31 de decembro de 2007.

OITAVA.- Resolución do presente convenio

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a. A denuncia de calquera das partes
- b. O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio
- c. O mutuo acordo das partes

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

En proba de conformidade, ámbalas dúas partes, asinan o presente convenio nun só acto e en exemplar cuadruplicado, no lugar e data expresados no seu encabezamento.

26.- APROBACIÓN DE CAMPAÑA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS 2006.

INTERVENCIONES

Sr. López Crespo

Imos votar afirmativamente este punto tamén. Poderíamos presentar unha moción polo que imos dicir, pero tampouco tiña sentido que estabecésemos aquí un debate, porque non corresponde aquí, que sobre o que queremos falar é sobre a competencia da Xunta de Galicia en designación de brigadas ao longo dos concellos. Entón, por iso, tampouco é un rogo, é a expresión dun sentimento que nos parece, á vista da listaxe que se mandou, que hai cambios que non entendemos desde a racionalidade e desde a cantidade de masa forestal que ten a extensión dalgúns concellos, por dicir casos, por exemplo, Cerdido, Cabanas, Vimianzo, que quedan fóra, non o entendemos moi ben.

(Abandona o salón a Sra. Vázquez Veras).

Por iso vostedes, sen ningunha ironía, pero con boas formas, se é o goberno amigo de Santiago, de calquera dos grupos gobernantes desta deputación, puidesen

botarlle unha man e darlle un amparo, eu creo que sería bo porque é posíbel que algúns cambios fosen propicios para mellorar a loita contra o lume. E nada máis, grazas pola colaboración nas brigadas, como se vén facendo sempre e este punto votámolo tamén afirmativamente.

Sr. Presidente

Efectivamente, Sr. López Crespo, reducíronse de 79 a 56 brigadas, pero nós o que facemos é subvencionar unha parte das brigadas que crea a Xunta de Galicia.

Sr. Bello Costa

Antes non felicitei o Sr. Carlos López Crespo por, non debutar, porque xa o fixo moitas veces, pero ben, nesta nova etapa ser outra vez o voceiro do grupo popular, porque xa sabía que no punto 26 ía intervir, e ademais interveu dunha maneira magnífica, sen incendiar nada, é dicir, podía pedirlllo o corpo, ao mellor, hoxe, con esa alta temperatura entrar doutra maneira, pero ben, primeiros parabéns, Carlos, e dicir que desde o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego, fiámonos das políticas do goberno da Xunta de Galicia actual, temos confianza no titular da Consellaría de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal e o seu equipo. Os criterios, de verdade, non son caprichosos, dixeches que non é o ámbito, é certo, aquí de debate deste tema, non son caprichosos. Por un lado, hai que ter en conta que o eixe fundamental, e creo que o compartimos ademais todos, do combate ao lume, non é precisamente a extinción de incendios, é a prevención, tamén, indubidabelmente, completarse coa extinción, e eu creo que nesta etapa a Consellaría, e sábelo Carlos por outros motivos, que a Consellaría de Medio Rural está a reconsiderar conxuntamente, dentro do equipo da Xunta de Galicia, unha nova estratexia, unhas novas accións que se plasman precisamente no preámbulo e despois nas accións concretas deste decreto que se vén de publicar sobre extinción de incendios, eu creo que hai que darlle unha marxe de confianza.

De todas as maneiras o que rematas de dicir tamén é moi certo. Hai concellos onde existe unha masa forestal importante e tomamos tamén boa nota da suxestión que nos fas que eu estou convencido de que non fai falta facelo pero, en todo caso, tamén dicir que estamos dispostos a colaborar tamén para que se amplíe e que a provincia estea o mellor defendida posíbel. Grazas pola túa intervención

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º Aprobar o modelo de convenio de colaboración Deputación Provincial da Coruña e concellos da provincia que asinen convenio coa Consellería de Medio Rural para a Campaña de actuación contra os incendios forestais.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA A CAMPAÑA DE ACTUACIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

A Coruña, de dou mil seis.

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación da Coruña, D. Salvador Fernández Moreda, asistido polo secretario da Corporación.

Doutra parte D.

MANIFESTAN

Que ambos teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña poderá conceder subvencións con cargo ós créditos consignados no seu presuposto, e de conformidade coas competencias asinadas ás deputacións provinciais nos artigos 31 e 36 da Lei 7/85 de bases de réxime local e no artigo 23 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais.

Que o obxecto do convenio é coordinar os esforzos na loita contra os incendios forestais na provincia da Coruña e conseguir, desta maneira, erradicar o impacto negativo que supoñen tanto na nosa economía provincial, como no medio ambiente.

O presente convenio artículase na liña de continuidade coas actuacións que vén realizando a Deputación, e máis concretamente, coas axudas concedidas ós concellos da provincia dende 1997.

Polo exposto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS :

1º.- O ámbito deste convenio abrangue, exclusivamente, a provincia da Coruña.

2ª.- O Concello de ten creada unha Cuadrilla de Extinción, segundo o convenio asinado coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, que actuará durante meses na loita contra os incendios forestais.

3ª.- Cada Cuadrilla de Extinción está composta por un mínimo de cinco membros a disposición do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais (SDCIF), sendo a súa contratación, operatividade e responsabilidade de contratación do propio concello, segundo as cláusulas establecidas no convenio asinado coa Consellería de Medio Rural.

4ª.- A Deputación da Coruña, mantendo a súa tradición de colaboración na loita contra os incendios forestais, participará mediante o aboamento dunha subvención, por un importe que ascende a 3.010 €. por cuadrilla e mes destinadas a financiar todos os gastos de mantemento da cuadrilla como os de nóminas de persoal, material funxible, pequeno equipamento - sempre que non sexan de investimento no inmovilizado material - etc., a achega da Deputación acumulada coa da Consellería de Medio Ambiente, non poderá superar o gasto efectivamente realizado. Para tal efecto, se non se acadaran xustificar gastos polo importe da suma de ambas as dúas achegas, minorarase a subvención concedida de acordo ó importe xustificado.

Tanto no momento da sinatura do convenio como dos aboamentos, o concello deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola Deputación en virtude da autorización dada polo concello

5ª.- A forma de pago realizarase do seguinte xeito:

Anticipo prepagábel coa condición de "que se ha xustificar" do 50 %, unha vez realizada a sinatura do presente convenio.

Para o aboamento de anticipo do 50 %, é necesario ter xustificados os gastos realizados no exercicio 2005.

O 50 % restante, despois da certificación dos pagos realizados, polo órgano municipal competente.

6ª.- O prazo para a xustificación da última certificación do pago finalizará o 30 de xuño de 2007.

7ª.- Para o pago das certificacións, o concello deberá estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña (art. 170.2 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais) situación que determinara de oficio a propia Deputación.

8ª.- O xustificante de pago da última certificación deberá acompañala certificación da Consellería de Medio Rural de que se cumpriron as esixencias do convenio.

Así mesmo deberá presentar certificación de non ter percibido para a mesma finalidade outras subvencións públicas ou privadas, e no caso contrario a axuda de todas elas non poderá superar o 100 % do gasto efectivamente realizado.

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á resolución deste, e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas.

9ª.- No caso de resolución do convenio coa Consellería de Medio Ambiente, terá como consecuencia inmediata a rescisión do convenio coa Excm. Deputación, debendo devolverlle ó concello a Deputación as cantidades aboadas en concepto de anticipo prepagábel, cos xuros de mora xerados, autorizándose á Deputación provincial para utilizar para tal efecto a compensación de tales débitos co concello.

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten poñerán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Sendo de conformidade o establecido no presente convenio asíñase no lugar e data indicados.

O SECRETARIO,

O PRESIDENTE,

2º) Incluír na citada campaña ós concellos que se relacionan, atendendo a relación da Consellería de Medio Rural, e proponendo a aprobación dunha cuadrilla por concello.

3º) Aprobar a achega da Deputación polo importe de 3.010 euros por cuadrilla e mes sendo un total de 56 cuadrillas, segundo se relaciona a continuación cunha duración de 2,5; 3 e 3,5 meses, supoñendo un total que ascende a 504.175,- euros

CONCELLO	CUADRILLAS	MESES	TOTAL
AMES	1	3	9.030,-
ARANGA	1	3	9.030,-
ARTEIXO	1	3	9.030,-
ARZÚA	1	3	9.030,-
A BAÑA	1	3	9.030,-
AS PONTES	1	2,5	7.525,-
BERGONDO	1	3	9.030,-
BOIMORTO	1	2,5	7.525,-
BOIRO	1	3	9.030,-
BRIÓN	1	3	9.030,-
CABANA DE BERGANTIÑOS	1	3	9.030,-
CAMARIÑAS	1	3	9.030,-
CARBALLO	1	3	9.030,-
CARNOTA	1	3	9.030,-
CERCEDA	1	3	9.030,-
CESURAS	1	3	9.030,-
CORCUBIÓN	1	3	9.030,-
CORISTANCO	1	3	9.030,-
CULLEREDO	1	3	9.030,-
CURTIS	1	3	9.030,-
DODRO	1	3	9.030,-
DUMBRÍA	1	3	9.030,-
FENE	1	3	9.030,-
FRADES	1	3	9.030,-
IRIXOA	1	3	9.030,-
A LARACHA	1	3	9.030,-

LAXE	1	3	9.030,-
LOUSAME	1	3	9.030,-
MALPICA DE BERGANTIÑOS	1	3	9.030,-
MAZARICOS	1	3	9.030,-
MUROS	1	3	9.030,-
MUXÍA	1	3	9.030,-
NARÓN	1	3,5	10.535,-
NEGREIRA	1	3	9.030,-
NOIA	1	3	9.030,-
OUTES	1	3	9.030,-
ORTIGUEIRA	1	3	9.030,-
PADERNE	1	3	9.030,-
PADRÓN	1	3	9.030,-
A POBRA DO CARAMIÑAL	1	3	9.030,-
O PINO	1	3	9.030,-
PONTECESO	1	3	9.030,-
PORTO DO SON	1	3	9.030,-
RIANXO	1	3	9.030,-
RIBEIRA	1	3	9.030,-
ROIS	1	3	9.030,-
SAN SADURNIÑO	1	3	9.030,-
SANTISO	1	3	9.030,-
SOBRADO	1	3	9.030,-
TEO	1	3	9.030,-
TORDOIA	1	3	9.030,-
TRAZO	1	3	9.030,-
VALDOVIÑO	1	3	9.030,-
VAL DO DUBRA	1	3	9.030,-
VILARMAIOR	1	3	9.030,-
ZAS	1	3	9.030,-
TOTAIS	56		504.175,-

4º) O órgano competente para aprobar os convenios é o Pleno da Corporación.

5º) Facultar á Presidencia para introducir na relación anterior as modificacións que se deriven dos acordos coa Consellería de Medio Rural e os concellos da provincia, quedando posposta a sinatura dos convenios a certificación por parte da Consellería da relación de concellos que asinaron os convenios.

6) Os concellos asinantes dos convenios poderán autorizar a Deputación para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas ou ordenar os pagos das cantidades outorgadas.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Ferreiro Pardiñas

En nome do Grupo Provincial Popular quería presentar unha moción que está relacionada co Polígono Industrial Curtis-Teixeiro, e nela expóñense os motivos, di:

“Ante a pasividade e o desinterese en relación coa posta en marcha do Polígono Industrial de Curtis-Teixeiro demostrado pola SEPES, (Sociedade Estatal de Promoción e Equipamento do Solo) a cal incumpre todos os acordos estabelecidos co Ministerio de Vivenda, e mantén no esquecemento os compromisos adquiridos co Polígono en Curtis, estes deputados queren coñecer os motivos que levan a este abandono.

Así mesmo, e dada a importancia que ten a construción deste polígono para o crecemento económico do concello, non se entende esta falta de interese, non só por finalizar o citado solo industrial, senón tamén por promover a súa venda, chegando a prohibir o concello a realización de calquera acto de promoción, e que participe na xestión da súa venda, algo que desde o goberno municipal non se chega a comprender.

En consecuencia, o Grupo Provincial Popular proponlle ao Pleno da deputación a adopción dos seguinte acordos:

Que a deputación inste á Xunta de Galicia a que lle solicite ao Goberno do Estado:

I Que a Sociedade Estatal de Promoción e Equipamento do Solo, SEPES, cumpra o convenio asinado en 1989 co Concello de Curtis para a posta en marcha do Polígono Industrial Curtis-Teixeiro.

II Que a Sociedade Estatal de Promoción e Equipamento do Solo, SEPES, cumpra todos os convenios asinados co Concello de Curtis, en relación co referido Polígono.

III Que a Sociedade Estatal de Promoción e Equipamento do Solo, SEPES, execute o proxecto de urbanización tal e como estaba aprobado polo Pleno do Concello de Curtis.

IV. Que aprobe a SEPES o convenio de colaboración que a propia Sociedade solicitou do Concello de Curtis o 22 de novembro de 2004, e que o Pleno aprobou o 22 de decembro dese mesmo ano.

V. Que a SEPES consensúe co Concello de Curtis a adxudicación das parcelas, no Polígono de Curtis-Teixeiro.”

É todo canto por agora, Sr. Presidente, quería expor. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

O adianto de que o grupo provincial socialista vai votar en contra da urxencia desta moción presentada polo Sr. Ferreiro Pardiñas en nome e representación do grupo provincial do Partido Popular.

Entendemos que máis ben esta é unha moción do Concello de Curtis e non da deputación, por distintos motivos, porque é algo intrinsecamente relacionado co Concello de Curtis.

En segundo lugar, e sen ánimo de entrar no debate da moción, dado que estamos a debater se procede ou non procede a súa urxencia, hai algúns datos que descoñecemos por parte do noso grupo, descoñecemos o convenio asinado no ano 1989, descoñecemos os seguintes convenios, ou poden ser protocolos, descoñecemos os proxectos de urbanización dos que se falan, este deputado estivo na inauguración en representación do presidente da deputación, e vin unha parte urbanizada indubidabelmente alí, e indubidabelmente creo que é unha cousa individualizada do Concello de Curtis, e que non procede aquí o debate, baixo o punto de vista do noso grupo. Á parte que creo que se hai que dirixirse a alguén, será directamente a quen hai que dirixirse, ao propio SEPES, ou ao Ministerio de Vivenda, que depende del.

E, xa que logo, sen entrar en debate interno sobre o mesmo, o noso grupo considera que esta moción non é urxente, e que non se debe debater neste Pleno provincial, aínda que si respectamos e desexamos que este Polígono Industrial Curtis-Teixeiro teña a máxima diverxencia e a máxima capacidade económica para desenvolver un concello importante que pertence, por certo, á miña comarca, á bisbarra onde eu vivo, e que desexamos o maior éxito tanto ao concello como ao propio organismo SIGALSA, que neste momento está a desenvolver este. Moitas grazas.

Sr. Bello Costa

Nunha recente visita ao Concello de Curtis tivemos oportunidade de coñecer in situ esta infraestrutura e coñecer tamén a súa problemática, que si a ten, pero tamén entendemos que hai ámbitos de debate onde encaixa pertinentemente este tema.

Nós comentámoslle ao propio alcalde e membros do goberno municipal e da oposición, que estaban por alí presentes, que nos interesaremos deste tema a través da nosa representación no Congreso dos Deputados, neste caso, facendo interpelacións

directas ante a SEPES, e eu creo que isto está ao alcance de todos os grupos que estamos aquí representados e que é a canle máis axeitada seguilo, e nesas estamos. Xa que logo, tomamos coñecemento, máis unha vez, da problemática e da situación deste Polígono Industrial do Concello de Curtis, queremos que, non vou utilizar a palabra desbloquear, non vaia ser que nos boten a culpa de desbloquear, desentupir a situación actual, pero en todo caso cremos que, seguindo as posibilidades que temos dentro dos grupos políticos aquí presentes, e nós facémolo a través desde a representación da oposición, pero tamén da presenza do noso deputado e deputada no Congreso dos deputados, facemos chegar a través dos responsábeis do SEPES esta problemática. Grazas, Sr. Presidente, polo tanto, unímonos á opinión do Sr. Lagares e votaremos en contra da súa urxencia.

Sr. Ferreiro Pardiñas

Teño que discrepar tanto do Sr. Lagares, como do Sr. Bello. Eu entendo que este é o foro adecuado para tratar esta moción porque, imos ver, se a deputación é o concello dos concellos, e un deses concellos pide auxilio ao seu concello maior, non se entenderá que ese é o lugar adecuado para o debater?, é a miña pregunta.

A continuación vótase a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (3 do BNG e 11 do PSOE)

Abstéñense: ningún deputado

Sen máis asuntos dos que tratar levántase a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.